



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Comunicación oral e escrita	Código	616G01001	
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Sanchez Sanchez, Jose Francisco	Correo electrónico	francisco.sanchez@udc.es	
Profesorado	Sanchez Sanchez, Jose Francisco	Correo electrónico	francisco.sanchez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O propósito desta asignatura é mellorar a capacidade do alumno para expresarse de xeito oral e por escrito en calquera contexto e coñecer as sinerxias e necesidades expresivas dos diferentes medios de comunicación: escritos, audiovisuais e multimedia.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comunicar mensaxes audiovisuais.
A12	Coñecelos principais códigos da mensaxe audiovisual.
C1	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C2	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C3	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Comunicar mensaxes audiovisuais.	A1	C1
Coñecelos principais códigos da mensaxe audiovisual.	A12	C2
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		C3
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.		
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.		

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: A descrición (análise de textos)	1.1. Fases do proceso descritivo: observación, selección e expresión 1.2. Tipos de descrición 1.3. Técnicas redaccionais
TEMA 2: A narración (análise de textos)	2.1. Elementos: narrador, personaxes, tempo, espacio 2.2. Partes da narración 2.3. Técnicas redaccionais 2.4. O diálogo e as citas
TEMA 3: A argumentación (análise de textos)	3.1. Estructura dos textos argumentativos 3.2. Tipos de argumentación 3.3. O uso das figuras retóricas



TEMA 4: A comunicación verbal e non verbal	<p>4.1. Qué se di e cómo se di</p> <p>4.2. A importancia da imaxe e do son</p> <p>4.3. Posta en escena e materiais de apoio</p> <p>4.4. Casuística de cada medio de comunicación</p>
TEMA 5: Destrezas expositivas e argumentativas	<p>5.1. Os xéneros orais</p> <p>5.1.1. Presentación</p> <p>5.1.2. Retrato</p> <p>5.1.3. Conferencia</p> <p>5.1.4. Rolda de prensa</p> <p>5.1.5. Entrevista</p> <p>5.1.6. Mesa redonda</p> <p>5.1.7. Debate</p> <p>5.2. Relacións cos medios</p> <p>5.2.1. Portavocía</p> <p>5.2.2. Comunicación de crise</p> <p>5.2.3. Comunicación Corporativa</p> <p>5.3. Técnicas de comunicación persuasiva</p>
TEMA 6: Necesidades e recursos dos diferentes medios de comunicación	<p>6.1. Necesidades técnicas dos diferentes soportes</p> <p>6.1.1. Escritos</p> <p>6.1.2. Radio</p> <p>6.1.3. Televisión e cine</p> <p>6.1.4. Novos media</p> <p>6.2. Diferentes linguaxes nos diferentes soportes</p> <p>6.2.1. Linguaxe soportes papel</p> <p>6.2.2. Linguaxe radiofónica</p> <p>6.2.3. Linguaxe televisiva</p> <p>6.2.4. Linguaxe dos novos media</p> <p>6.2.4.1. Internet como instrumento de comunicación</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais		0	10	10
Sesión maxistral		21	31.5	52.5
Discusión dirixida		2	0	2
Estudo de casos		4	0	4
Presentación oral		2	14	16
Traballos tutelados		10	30	40
Lecturas		0	10	10
Obradoiro		2	0	2
Prácticas a través de TIC		0	6.5	6.5
Proba de ensaio		3	0	3
Actividades iniciais		2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	Para un óptimo aproveitamento das clases, deberá ter leído e analizado previamente os textos que se indiquen para esa sesión.
Sesión maxistral	O alumno debe asistir ás clases teóricas presenciais para entender os conceptos dos que se esixe o seu coñecemento.
Discusión dirixida	Os alumnos participarán nunha discusión dirixida polo profesor responsable da asignatura, sobre diferentes técnicas de comunicación oral.
Estudo de casos	Analizaranse na aula casos representativos de diferentes técnicas de comunicación oral en función do escenario, do propósito da mensaxe e dos diferentes soportes comunicativos.
Presentación oral	Os alumnos terán que realizar unha proba de comunicación oral coa presentación dun traballo. Técnica de coaching.
Traballos tutelados	Os alumnos terán que desenvolver ao longo da asignatura diferentes traballos tutelados polo profesor responsable da materia. Deberán redactar diferentes textos, para comunicar unha idea, adaptándose ás necesidades expresivas do entorno ou dos medios de comunicación nos que se recollan.
Lecturas	Os alumnos deberán estudar as fotocopias que se repartan na clase así como complementar os contidos teóricos con lecturas obrigatorias, segundo os temas.
Obradoiro	Os alumnos deberán comentar os textos e expresións doutros compoñentes do seu grupo de prácticas.
Prácticas a través de TIC	Realizar 6 prácticas avaliadas, que se publicarán no blog do grupo de prácticas ao que pertencen.
Proba de ensaio	Os alumnos deberán superar unha proba escrita.
Actividades iniciais	Presentación dos obxectivos, contidos, dinámica e bibliografía da asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Traballos tutelados	A atención personalizada aos alumnos realizarase a través do seguimento e corrección dos traballos tutelados, así como das diversas prácticas que terán que realizar ao longo da asignatura. Para o desenvolvemento desta atención personalizada contémpanse tanto tutorías presenciais coma un seguimento continuo a través das ferramentas que as TIC poñen ao servizo da educación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC		Os alumnos deberán realizar os diferentes exercicios prácticos: 1. Preséntome 2. Retrato dun compañeiro 3. Descrición da aula 4. Relato: recordo de infancia 5. Relato: escena na rúa 6. Carta ou informe argumentativo	30
Obradoiro		Avaliarase a participación do alumno así como a calidade das súas intervencións	10
Proba de ensaio		Para aprobar a asignatura debe superarse unha proba ortográfica baseada nos libros El castellano actual: usos y normas, de Manuel Casado e a Ortografía de la Lengua Española de la RAE. Para superar esa proba, disporase de tres oportunidades ao longo do curso. Nas probas ortográficas correxíranse un número determinado de erros escondidos nalgunhas frases. Nesta proba non se obtén nota, só se concede unha cualificación de "Apto" ou "No apto".	20
Presentación oral		Avaliarase a proba de presentación oral dos alumnos utilizando a técnica de coaching	20
Traballos tutelados		Os traballos tutelados descritos no apartado de metodoloxía, constituirán un 20% da nota final	20

Observacións avaliación



Para obter a nota media das prácticas súmanse as calificacións obtidas en cada unha delas. Os profesores poden facer un uso estratéxico das calificacións, de xeito que a nota final poida resultar superior á media, aínda que nunca inferior.

Se un alumno deixa de entregar unha práctica de xeito inxustificado, computaralle coma un 0 na media de prácticas final. Asimesmo, se un alumno deixa de entregar dúas prácticas de xeito inxustificado, suporalle o suspenso automático na asignatura. As ausencias xustificadas han de comunicarse con antelación ao profesor de prácticas, que deberá dar un permiso expreso.

Nas prácticas seguirase o seguinte criterio de puntuación:

- 1 falta ortográfica suporá a calificación dun 4, como máximo.
- 2 faltas ortográficas suporán a calificación dun 1.
- 5 tildes mal postas ou sen poñer suporán un 4, como máximo.

Os erros sintácticos, problemas de puntuación e confusións léxicas penalizarán asimesmo a calificación da práctica, segundo a súa gravidade. A insistencia nese tipo de erros poderá conlevar incluso a calificación mínima dun 1.

Ademáis, o plaxio parcial de calquera texto penalizarase cun 0 na práctica e o plaxio total dun traballo suporá o suspenso automático da asignatura.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - CASADO, Manuel (2008). El castellano actual: usos y normas (7ª ed. revisada). Eunsa, Pamplona - REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2003). Ortografía de la Lengua Española. Espasa Calpe, Madrid - SCOTT, Bill (1990). La comunicación oral y escrita para directivos y profesionales. Deusto - HERRERO, Julio César (2008). El candidato: manual de relaciones con los medios. Sevilla - GARCÍA, María Nieves (2008). Periodismo, publicidad, cine, comunicación audiovisual y relaciones públicas: iconos para una lengua. Fragua, Madrid - (). . <p>Los documentos que los profesores entreguen en clase o se cuelguen en el blog</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - CHEJOV, Anton P. (2005). Unos buenos zapatos y un cuaderno de notas. Alba, Barcelona - CASSANY, Daniel (1995). La cocina de la escritura. Anagrama, Barcelona - KOHAN, Silvia Adela (1997). Corregir relatos. La herramienta del escritor. Graefin Ediciones, Barcelona - GARCÍA DEL TORO, Antonio (2004). Comunicación y expresión oral y escrita: la dramatización como recurso. Grao, Barcelona - VERDERBER, Rudolph F. (2000). Comunicación oral efectiva. International Thomson, Méjico - PALENCIA-LEFLER ORS, Manuel (2008). 90 Técnicas de relaciones públicas: manual de comunicación corporativa . Bresca profit, Barcelona - PERELMAN, CH. (2009). Tratado de la argumentación. Gredos

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías